



MONICREQUES



Títeres Alakrán

Barriga Verde Ataca de Novo

Espectáculo de títere de cachaporra tradicional, inspirado nas rutinas que facía Xosé Silvent, na súa famosa barraca a principios do século XX. **Barriga Verde** é o títere popular de Galiza, representando co seu humor a **idiosincrasia galega**. **Títeres Alakrán** recupera a súa figura adaptándoa ao mundo contemporáneo para que a nosa tradición siga viva e non morra.

A COMPAÑÍA

Títeres Alakrán nace no ano 2003 como proxecto persoal de Borxa Insua, logo de iniciarse como actor-titiriteiro con diferentes compañías profesionais galegas. A **formación artística como escultor** inflúe directamente nas propostas plásticas da compañía, xa que emprega case sempre a madeira na confección dos monicreques. Dende o 2003 leva producidos 10 espectáculos nos que emprega diversas técnicas que levan á compañía a asentarse solidamente no panorama galego, así como a participar regularmente en **Festivais internacionais de títeres en territorio español e latinoamericano**.

Ficha artística

Elenco Títeres Alakrán

Nome do espectáculo Barriga Verde Ataca de Novo

Modalidade artística Teatro vivo, Títeres de luva

Público ao que vai dirixido Xuvenil e adultos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min

Ubicación Espazo interior ou exterior



VIDEO



DOSSIER

Títeres Alakrán

Os Soños na Gaiola

OS SOÑOS NA GAIOLA de Manuel María é unha obra de monicreques para público infantil e familiar que supón a homenaxe que Títeres Alakrán e o dramaturgo e director Roi Vidal lle queran facer ao poeta Manuel María.

O espectáculo déixase levar polo influxo de "Alicia no país das marabillas", de Lewis Carrol, para ofrecer unha mirada nova sobre os poemas do libro "Os soños na gaiola" co obxectivo de lles achegar aos máis cativos o mundo rural da infancia do poeta chairego. Un mundo que á pequena Alicia, unha nena urbana da actualidade, lle resulta estraño, mais que acabará comprendendo e amando.

O titiriteiro chega á vila cunha gaiola cargada de soños. Acompáñao o poeta Manuel María transformado en monicreque. Manuel María quere que o titiriteiro represente os poemas que el escribiu para divertir aos nenos e nenas galegos. Para facelo, o titiriteiro pídelle aos integrantes do público que sopren forte para lle axudaren a facer nacer a Alicia, a nena protagonista desta historia.

A COMPAÑÍA

Títeres Alakrán nace no ano 2003 como proxecto persoal de Borxa Insua, logo de iniciarse como actor-titiriteiro con diferentes compañías profesionais galegas.

Ficha artística

Elenco: Títeres Alakrán

Nome do espectáculo: Os Soños na Gaiola

Modalidade artística: Teatro vivo, Títeres de luva

Público ao que vai dirixido: Infantil, xuvenil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo: 50 min

Ubicación: Espazo interior ou exterior



VIDEO



DOSSIER



Ficha artística

Elenco Títeres Alakrán

Nome do espectáculo Circo Galaico

Modalidade artística Teatro vivo, Títeres de fíos

Público ao que vai dirixido Xuvenil e adultos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min

Ubicación Espazo interior ou exterior

Títeres Alakrán

Circo Galaico

Xa está aquí o novo circo de monicreques!

O *Circo Galaico* é un espectáculo de variedades conducido por un presentador que será o mestre de cerimonias de clásicos e insólitos números de circo.

Un circo único onde a **maxia e o fantástico se mesturan coa natureza**, na que os artistas non son outros que animais salvaxes da nosa fauna.

FORZUDO XABARÍN

Xoaquín ten unha gran calidade que o diferencia do resto dos xabarís: a súa increíble forza.

CORVO EQUILIBRISTA

Con todas vós o acróbata, funambulista e equilibrista corvo pinto! Será quen Corvus de chegar ó outro lado da pista?

PALLASO ROLÍN

No Circo Galaico non pode faltar o número do clásico pallaso, pero Rolín non é un pallaso convencional... Que animal se agocha tras el?

CABRA STAR

A estrela do Circo Galaico é a cabra Ribelina, capaz de impensables saltos que deixarán ó público coa boca aberta.

A COMPAÑÍA

Títeres Alakrán nace no ano 2003 como proxecto persoal de Borxa Insua, logo de iniciarse como actor-titiriteiro con diferentes compañías profesionais galegas.



VIDEO



DOSSIER